IDENTIFICACIÓN, PRIORIZACIÓN E AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS OBSOLETAS. GUÍA METODOLÓXICA

Este documento realizouse no marco de colaboración previsto no "Plan de Calidad para el Sistema Nacional de Salud" elaborado polo "Ministerio de Sanidad y Política Social", ao Aveiro do convenio de colaboración subscrito polo "Instituto de Salud Carlos III", organismo autónomo do "Ministerio de Ciencia e Innovación", e Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS).

Na actualidade existe un interese crecente na identificación e avaliación de tecnoloxías sanitarias obsoletas. Diversas institucións están a iniciar actividades encamiñadas nesta dirección, pois a clasificación de determinadas tecnoloxías como obsoletas suporía un beneficio importante para os pacientes e os sistemas sanitarios, xa que os primeiros deixarían de ser tratados con tecnoloxías de menor efectividade ou menos seguras. A pesar deste crecente interese, a literatura publicada é moi escasa ao tratarse dun campo moi pouco desenvolvido na avaliación de tecnoloxías sanitarias, polo que gran parte do contido desta guía baséase en opinións de expertos. O grupo de traballo definiu como tecnoloxía sanitaria obsoleta aquela tecnoloxía sanitaria para unha ou varias indicacións en uso cuxo beneficio clínico, seguridade ou custo-efectividade foi superado de maneira significativa por outras alternativas dispoñibles.

Este documento ten como obxectivo principal propoñer unha metodoloxía para a identificación, priorización e avaliación de tecnoloxías sanitarias obsoletas.

DOCUMENTOS RELACIONADOS

Texto completo

Exportar cita. RIS